



Solicitud de certificado

Solicitante

DNI-NIF/CIF/NIE		Nome e apelidos/Razón social				
Rúa			Núm.	Escaleira	Andar	Porta
CP	Municipio	Provincia		Teléfono /		
Correo electrónico						

Representante

DNI-NIF/NIE		Nome e apelidos				
Rúa			Núm.	Escaleira	Andar	Porta
CP	Municipio	Provincia		Teléfono /		
Correo electrónico						

Solicito que se emita a certificación que se sinala, para os efectos que se indican:

<input type="checkbox"/> Que acredite que se realizou o pagamento do recibo/autoliquidación co número _____
<input type="checkbox"/> Que acredite se o obxecto tributario con referencia _____ goza ou non de beneficio fiscal
<input type="checkbox"/> Que acredite se o obxecto tributario con referencia _____ ten débedas ou non co Concello de Santiago
<input type="checkbox"/> Que acredite que se encontra ao corrente das obrigas tributarias , isto é, que o solicitante non ten débedas co Concello de Santiago, para os efectos de: <input type="checkbox"/> Contratar co Concello <input type="checkbox"/> Obter unha subvención dunha administración pública <input type="checkbox"/> Outros (especificar): _____
<input type="checkbox"/> Que acredite a titularidade do obxecto tributario con referencia _____
<input type="checkbox"/> Que acredite os obxectos tributarios que son titularidade do solicitante, para os efectos de: <input type="checkbox"/> Acceder a asistencia xurídica gratuita <input type="checkbox"/> Acceder a unha RISGA ou outro tipo de axuda social <input type="checkbox"/> Outros (especificar): _____
<input type="checkbox"/> Que acredite o enderezo do inmovible con referencia * _____, para os efectos de: <input type="checkbox"/> Empadramento <input type="checkbox"/> Alta en servizos municipais <input type="checkbox"/> Outros (especificar): _____
* Para o caso de que o inmovible non estea catastrado, indique con claridade a súa localización e achegue plano de situación. Localización: _____

Santiago de Compostela, ___ de _____ de 20__

Asinado: _____

	Rexistro número:
	Expediente número:

EXCMO. SR. ALCALDE DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

PARA CUMPRIMENTAR A SOLICITUDE

INSTRUCCIÓN XERAIS

- O impreso pódese cumprimentar a man (con maiúsculas tipo imprenta) ou electrónicamente, enchendo os campos correspondentes. Non é necesario que cumprimente este impreso se obtén o certificado na web do Concello de Santiago a través da Carpeta Cidadá.
- Logo de cumprimentado, imprímalo e presénteo asinado nos Rexistros do Concello de Santiago, nos rexistros da Administración Xeral do Estado, das comunidades autónomas ou en calquera outra oficina de rexistro establecida nas disposicións vixentes.
- Tamén se pode remitir mediante as formas previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992 de 26 de novembro

INSTRUCCIÓN PARTICULARES

- Solicitante: O solicitante coincidirá co obrigado tributario ou co titular das débedas ou dos obxectos, e poderá actuar por medio de representante
- Representante: Os seus datos só se cumprimentan cando se teña designado. A representación deberá acreditarse con poder bastante, mediante documento público ou privado con sinatura lexitimada notarialmente, ou por comparecencia en Recadación.
- Deberá acompañar á solicitude unha copia do documento de identidade (DNI-NIF/CIF/NIE)**
- No espazo para cumprimentar a **referencia** indicarase:
Para vehículos: a matrícula.
Para inmoables: a referencia catastral. (IBIU, IBIR, OMS – a do local da actividade-, VADO – a do local a que da acceso a entrada-) Para o caso de que o inmovible non estea catastrado, indique con claridade a súa localización e achegue plano de situación.
Para actividades: a referencia do modelo de declaración censal de alta

INFORMACIÓN

Os certificados obxecto desta solicitude

- Poden ter **sentido positivo ou negativo**.
- Acreditan:
Certificación de pagamento: acredita a realización ou non do pagamento dunha débeda.
Certificación de beneficio fiscal: acredita que un determinado obxecto tributario goza ou non de beneficio fiscal.
Certificación de que un obxecto tributario non ten débedas: acredita se, por un determinado obxecto tributario, existen ou non débedas pendentes de pago.
Certificación de encontrarse ao corrente das obrigas tributarias: acredita se unha persoa ten ou non ten débedas co Concello. Os que se refiran a **obrigas periódicas** terán **validez durante 12 meses** e os que se refiran a **obrigas non periódicas** terán **validez durante 3 meses**, contados dende a data de expedición, agás que a normativa específica do certificado estableza outra cousa ou se produzan modificacións das circunstancias determinantes do seu contido
Emitirase **en sentido positivo se o suxeito obrigado non ten débedas ou sancións tributarias en período executivo**. Tamén se emitirá en sentido positivo no caso de que teña débedas ou sancións tributarias en período executivo que se encontren aprazadas, fraccionadas ou teñan suspendida a súa execución.
Certificación de quen é o titular dun obxecto tributario: acredita de quen é a titularidade dun ben concreto, segundo as bases de datos fiscais do Concello, na data de expedición do certificado.
Os datos desta certificación entenderanse sen prexuízo das competencias e funcións dos rexistros públicos competentes na materia e dos efectos xurídicos substantivos da inscrición do/s obxecto/s tributario/s en ditos rexistros.
Certificación dos obxectos tributarios dos que é titular unha persoa: acredita os bens que son titularidade dunha persoa concreta, segundo as bases de datos fiscais do Concello, na data de expedición do certificado.
Os datos desta certificación entenderanse sen prexuízo das competencias e funcións dos rexistros públicos competentes na materia e dos efectos xurídicos substantivos da inscrición do/s obxecto/s tributario/s en ditos rexistros.
Certificación do enderezo dun inmovible: acredita cal é o enderezo dun inmovible. Recolle os datos relativos a: nome de vía, número de policía, escaleira, planta e porta.
- Poderán expedirse en papel ou mediante a utilización de técnicas electrónicas, informáticas e telemáticas, e producirán idénticos efectos. **Terán carácter informativo e non se poderá interpoñer contra eles recurso ningún**, sen prexuízo de que se poida manifestar desconformidade co seu contido segundo se sinala no apartado "Tramitación", e de que poidan interpoñerse recursos contra os actos administrativos que se diten posteriormente en relación con dita información.
- Teñen o **custo** sinalado na *Ordenanza fiscal 3.07 taxa por expedición de documentos administrativos*. No suposto que obteña o certificado na web do Concello de Santiago a través da Carpeta Cidadá non terá que aboar a citada taxa.

TRAMITACIÓN

A non ser que a normativa reguladora dispoña outra cousa:

- O certificado expedirase no prazo máximo de **20 días** dende a data de solicitude.
- A falta de emisión dun certificado nese prazo **non** determinará que se entenda emitido con carácter positivo.

O certificado **poderá recollerse**, unha vez acreditado o pagamento da taxa correspondente, **na oficina de Atención ao contribuínte**. De non ser así enviarase ao lugar sinalado a dito efecto na solicitude ou, no seu defecto, ao domicilio fiscal do obrigado tributario ou do seu representante.

En caso de desconformidade cos datos da certificación emitida, o interesado poderá solicitar a súa modificación. A solicitude, (que deberá presentarse no prazo de 10 días contados dende o día seguinte ao da recepción do certificado), deberá ir dirixida ao órgano emisor do documento e acompañada dos elementos de proba que estime convenientes para acreditar a súa solicitude.

Se o órgano que emitiu o certificado estimara incorrecto o documento expedido, procederá á emisión dun novo no prazo de 10 días. Se non considerase procedente expedir un novo certificado comunicarllo ao obrigado tributario con expresión dos motivos en que se fundamenta.

NORMATIVA REGULADORA

- Lei 30/1992, de 26 de novembro, pola que se aproba la Lei de réxime xurídico e procedemento administrativo común.*
- Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de actuacións e procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos.*
- Ordenanza fiscal 3.07 Taxa por expedición de documentos administrativos.*